

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Persoal

Anuncio publicación lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo de 6 prazas de músico/a (subgrupo A2), dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público

##### ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 23 de xaneiro do 2024, adoptou a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

**6 prazas de músico/a, pola quenda libre, dentro do proceso de estabilización do emprego público (C.E. 34/18)**

##### Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI	ESPECIALIDADE INSTRUMENTO
ABAL ROSALES , JOSE MANUEL	***1423**	Oboe
BELLO GAREA, LUCIA	***5155**	Fagot
CALATAYUD MAS , FERRAN	***6206**	Fagot
GARCIA SANCHEZ , SIMON	***1757**	Contra baixo
GONZALEZ ESTEVEZ , OSCAR	***0556**	Clarinete
LOPEZ CASTRO , ALFREDO	***3020**	Tuba
MARTINEZ VILLAR, MANUEL	***3582**	Tuba
NOVELLE FERNANDEZ , DAVID	***6997**	Fagot
SALGADO TRILLO, REBECA	***8329**	Frauta
SILVA MAGDALENA , ADRIAN	***8298**	Frauta

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

**Segundo.-** O tribunal que xulgará as probas selectivas terá a seguinte composición:

##### Presidente/a:

Titular: Susana Martínez Portabales  
Suplente: María Isabel Alonso García

##### Secretario/a:

Titular: María José Iglesias Berbia  
Suplente: María Esperón Rodríguez

##### Vogais:

Titular: Juan Miguel Romero LLopis  
Suplente: José Luis Represas Carrera

Titular: Francisco Javier Vidal Suárez

Suplente: Jorge García Porral

Titular: Francisco Manuel Vecino Mosquera

Suplente: Gloria Cupeiro Docampo

**Terceiro.-** A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), e será publicada no BOP e na páxina web [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal).

**Cuarto.-** Fixar á sesión constitutiva do tribunal sinalado no punto segundo, o día 16/02/2024, ás 9:30 horas, na sala de reunión da xefatura do Servizo de Recursos Humanos (Rúa Franja, 20 2ª planta).

**Quinto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

2024/592